

A asemblea veciñal estará presidida polo Consello Veciñal.

#### TÍTULO CUARTO DA INICIATIVA CIDADÁ

##### Artigo 23.

1.- Calquera persoa con dereito a voto, ben no seu propio nome ou mediante entidades ou asociacións, poderá propoñer unha iniciativa que deberá estar subscrita como mínimo por 100 veciños maiores de idade e empadroados no Concello de Mondoñedo.

2.- A través da iniciativa cidadá, os veciños e veciñas poderán recadar do Concello a execución dunha determinada actividade de competencia e interesa público municipal.

3.- Así mesmo a través de iniciativa cidadá poderanse presentar propostas de acordo, actuacións ou proxectos no ámbito das competencias municipais.

4.- Tales iniciativas deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. No seu caso, requirirase o previo informe do/a Secretario/a do Concello, así como o informe do /a Interventor/ora cando a iniciativa afecto a dereitos e obrigas do contido económico do Concello.

##### Artigo 24.

Na redacción dos seus orzamentos anuais, o concello terá en conta as iniciativas cidadáns aprobadas, para poder levalas a efecto.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

##### PRIMEIRA

No prazo máximo de seis meses dende a entrada en vigor deste Regulamento constituiranse os Consellos Veciñais.

O Concello impulsará o proceso para a constitución inicial dos Consellos Veciñais.

A elección dos primeiros membros dos Consellos Veciñais realizaranse nunha asemblea veciñal reunida a tal efecto e con ese único punto na orde do día.

A asemblea convocarase fora do horario laboral.

Ao inicio da asemblea presentaranse os candidatos/as a formar parte do Consello Veciñal. Esta primeira asemblea estará presidida pola persoa que lidera a convocatoria da mesma, que será o encargado de levantar acta, que será lida ao remate da asemblea e asinada por un mínimo de 25 veciños presentes na mesma, maiores de idade e que non pertencen a mesma unidade familiar.

A asemblea estará constituída no momento en que asistan o 10% das persoas empadroadas na parroquia maiores de idade.

##### DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e tramitarase de acordo co procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local".

Mondoñedo, 2 de marzo de 2016.- A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Elena Candia López

R. 0606

#### MONFORTE DE LEMOS

##### Anuncio

De conformidade co Acordo alcanzado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 29.2.2016, por medio do presente anuncio se efectúa convocatoria do procedemento aberto para a adxudicación do contrato de subministración de Gasolinas e Gasóleo de automoción para o Parque Móbil Municipal e de Gasóleo C "Calefacción" para os Edificios de titularidade municipal e do C.E.E. Infanta Elena.

##### 1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c. Número de expediente: 002-SUBMPA16

**2. OBXECTO DO CONTRATO**

- a. Descrición do obxecto: Subministración de gaolinas e gasóleo A e C para parque móbil e calefacción e auga quente dos edificios de titularidade municipal e do C.E.E. Infanta Elena.
- b. División por lotes: Si.
- c. Número de lotes: 2.
  - i. Lote 1: Subministración de combustible para vehículos do parque móbil municipal.
  - ii. Lote 2: Transporte e subministración de combustible para os sistemas de calefacción de edificios municipais.
- d. Duración: 1 ano
- e. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 2 anos.
- f. CPV: 09132100-4 e 09134000-7

**3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.

**4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**

- a. Orzamento base de licitación: Prezos unitarios. Importe máximo inicial LOTE 1: 24.856,50.-€ (IVE 21% aparte); Importe máximo inicial LOTE 2: 30.302,78.-€ (IVE 21% aparte)
- b. Valor estimado do contrato: 164.547,84.-€.

**5. GARANTÍA DEFINITIVA**

- a. Contía:
  - i. Lote 1: 1.242,82.-€
  - ii. Lote 2: 1.515,14.-€

**6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN**

- a. Perfil do contratante: [www.concellodemonforte.com](http://www.concellodemonforte.com)
- b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.
- c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
- d. Teléfono: 982.402.501 (Ext.-262).

**7. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS**

- a. Data límite de presentación: 20 DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte o da publicación deste anuncio no BOP.
- b. Documentación a presentar: A sinalada na cláusula 14ª do Prego de cláusulas administrativas particulares .
- c. Lugar e forma de presentación: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9.00 a 14.00 horas. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación, **dentro da data e hora establecidos como prazo de presentación**, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

**8. APERTURA DE OFERTAS**

- a. Segundo o establecido na cláusula 17ª Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a licitación.

**9. CRITERIO DE ADXUDICACIÓN**

- a. Lote 1:

- Maior porcentaxe de desconto por litro subministrado sobre o prezo de venda que figure no surtidor, no momento da subministración, en cada un dos tipos de combustible.....máximo 30 puntos, co seguinte desglose.-
    - ✓ Gasóleo A.....15 puntos.
    - ✓ Gasolina 95°.....10 puntos.
    - ✓ Gasolina 98°.....5 puntos.
  - Estación de servizo aberta as 24 horas do día....5 puntos.
- b. Lote 2:
- Porcentaxe de desconto ofertado sobre o prezo publicado para España no Boletín Petrolero...máximo 30 puntos.
  - Mellora sen custo para o Concello: Limpeza ao inicio da subministración, do depósito de combustible situado no edificio Centro do Viño-Casa da Cultura.....Máximo 5 puntos.

#### 10.GASTOS DE ANUNCIOS

- a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario até o límite máximo de 600,00.-€, distribuído en proporción o orzamento base de licitación de cada lote.

Monforte de Lemos, 29 de febreiro de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0599

## MONTERROSO

### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión extraordinaria celebrada o 29 de decembro de 2015 acordou aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da limpeza, salubridade e ornato de espazos públicos. A devandita ordenanza foi exposta ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo nº12 de 16 de xaneiro de 2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

#### **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA, SALUBRIDADE E ORNATO DE ESPACIOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE MONTERROSO**

##### **Artigo 1.**

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do uso dos espazos públicos do termino municipal de Monterroso ( rúas, prazas, camiños, parques, fontes, xardíns, instalacións deportivas, etc.) ós efectos de garantir nos mesmos unhas axeitadas condicións de limpeza, salubridade e ornato.

##### **Artigo 2.**

No non regulado expresamente na presente ordenanza, será de aplicación o disposto na lexislación estatal e autonómica de aplicación.

##### **Artigo 3.**

A limpeza dos espazos públicos do termino municipal de Monterroso ( rúas, prazas, camiños, parques, fontes, xardíns, instalacións deportivas, etc.) e a recollida dos residuos procedentes dos mesmos será realizada pola Administración Municipal, ben directamente, ou no seu caso indirectamente a través de calquera dos sistemas de xestión indirecta dos servizos de competencia municipal permitidos pola lexislación vixente.

##### **Artigo 4.**

1.-A obriga de manter en axeitadas condicións de limpeza, salubridade e ornato os inmobles de propiedade privada que poidan afectar de calquera xeito a espazos de uso público corresponderá ós seus propietarios; a tal efecto queda expresamente prohibido, que polas persoas que realicen a limpeza dos locais, portais ou edificios, se boten ás beirarrúas ou as rúas os restos ou desfeitos que barran dos interiores.

Igualmente queda prohibido

a) O baldeo coa auga, xabón ou lixivia da limpeza de interiores, na vía pública.

b). O depósito en pozos, rexistros e na rede de sumidoiro de calquera produto resultante da limpeza urbana ou doutros de calquera tipo non autorizado, tales como animais mortos, restos químicos, aceites de cociña ou outros.

2.- A limpeza de solares corresponderá ós propietarios dos mesmos, sen prexuízo da obriga de proceder ó seu valado na forma que regulamentariamente se estableza nas Ordenanzas Municipais. Dende os solares de propiedade privada, non pode sobresaír á vía pública ningunha clase de malezas, mirtos, matogueiras ou calquera outra clase de vexetación.